# LECTORES EXPERTOS




***"ESMERALDINA, A PEQUENA DEFUNTA"***
**Ledicia Costas. Ed. Xerais**

Precuela da novela da mesma autora *"Escarlatina, a cociñeira defunta"*. A vida da pequena Esmeraldina avanza feliz entre pucheiros ata que un andazo de febre escarlatina acaba coa vida da nena.

***"AS MÁSCARAS DO PROFESOR ROBINDRA"***
**Xoan Babarro. Ed. Galaxia**

Unha viaxe ás rúas de Bengala da man do profesor Robindra que lles contará aos nenos fermosas historias e poesías. Unha ocasión para aprender palabras en bengalí.







***"ALMA Y LA ISLA".***
**Mónica Rodríguez. Ed. Anaya**

Alma chegou do mar. Otto non entende o seu idioma pero pouco a pouco a comunicación entre eles irá máis aló das palabras.

***"CIRCUS MIRANDUS"***
**Cassie Beasley. Ed. La Galera**

Ephraim, o avó de Micah, sempre lle contou marabillosas historias sobre o Circus Mirandus, un circo máxico que visitou de neno. Agora, Ephraim estase morrendo e só o seu neto pode salvalo.







***"100 COSAS QUE SABER SOBRE CIENCIA"***
**Alex Frith. Ed. Usborne**

De onde ven o ser humano? Como é o fondo dos océanos? Para que serve reciclar? Que é o máis rápido do Universo?...
A ciencia non para de descubrir cousas sorprendentes.

*CIENCIA*

# EFEMÉRIDES LITERARIAS 2.016:

## Centenario do nacemento de *ROALD DAHL*













## Webs e blogs:

http://bibliotecasredondela.blogspot.com
http://biblioblogreboreda.blogspot.com
http://onovolardeigrexiño.blogspot.com
www.edu.xunta.es/centros/ceipcedeira
http://biblioxaquin.blogspot.com
http://centros.edu.xunta.es/ceipdelaredo
http://outeirodematilda.blogspot.com
http://centros.edu.xunta.es/cepsantamarina





www.bibliotecaportocabeiro.blogspot.com

**BIBLIOTECAS ESCOLARES E MUNICIPAIS DE REDONDELA**

# *SUXESTIÓNS LECTORAS VERÁN 2.016*



## VIAXA POR UN MUNDO DE LECTURAS!!!

***CEIP PORTO CABEIRO***

# PRELECTORES




**“¿SOMOS AMIGOS?”**
**Anabel Fdez. Ed. Kalandraka**

Álbum ilustrado sobre a construción da amizade entre un neno e un oso.

**“O ESQUÍO RAMPANTE”**
**Enrique Mauricio e Carlos Taboada. Edicións do Cumio**

Conta a historia dun esquío na procura dun remedio sanador para tratar unha doenza do carballo centenario onde reside coa súa familia.




**“EL OSO Y LA LIEBRE”**
**Emily Gravett. Ed. Picarona**

O oso e a lebre xogan ás agachadas. A lebre sabe moi ben pechar os ollos e contar ata dez, pero o problema é que o oso non sabe agocharse nada ben.







**“ÑAC-ÑAC, EL MONSTRUO COME LIBROS”**
**Emma Yarlett. Ed. Bruño**

Ñac-ñac, o monstro come libros, mordeu as páxinas deste álbum ata escaparse del ...e xa comezou a zampar outros contos! Moito coidado con el!



**EN FAMILIA**

**“TANIA VAL DE LUMBRE“**
**Maria Parr. Ed. Nordicainfantil**

Tania ten o pelo roxo e os rizos dun león. Apelídase coma o lugar no que vive. O seu mellor amigo ten 74 anos. A verdade é que neste pobo non hai moitos nenos...




# PRIMEIROS LECTORES




**“FELIZ FEROZ. O LOBIÑO RIQUIÑO”**
**El Hematocrito . Ed. Xerais**

A irmá de Lobo Feroz está moi preocupada porque o seu fillo non é feroz: é boísimo. Mándao á casa do seu irmán para que o converta nun lobo de verdade.

**“QUEBRACABEZAS”**
**Diego Bianki. Ed. Kalandraka**

Aínda que sexamos tantos e parezamos tan distintos, hai algo no que somos iguais: todos somos diferentes.







**“LAS INCREÍBLES AVENTURAS DE DON QUIJOTE Y SANCHO PANZA COMO JAMÁS TE LAS CONTARON”**
**César Bona. Ed. Beascoa**

César Bona selecciona as pasaxes máis universais do *Quixote* para explicarnos unha nova maneira de entender este clásico da literatura universal.

**“EL PEQUEÑO JARDINERO”**
**Emily Hughes. Ed. Impedimenta**

A conmovedora historia dun rapaz a penas máis grande ca súa mascota que se sinte incapaz de afrontar o traballo que supón coidar do seu exhuberante xardín.




**LETRAS GALEGAS 2.016 : MANUEL MARÍA**










# LECTORES AUTÓNOMOS

**“MOITO MORRO CORPORATION, SOCIEDADE ILIMITADA”**
**Carlos Labraña. Ed. Galaxia**

O mundo do circo sempre foi un chisco disparatado pero nestes días aínda máis! Nesta divertidísima obra imos acompañar uns personaxes de circo certamente espectaculares.







**“QUEN DÁ A QUENDA?”**
**Héctor Cajaraville. Ed. Xerais**

Agochada nunha mesta fraga está a cabana na que dende hai máis dun século ten o seu consultorio a meiga Divina. Ata aquí veñen clientes das máis diversas procedencias.

**“MARCELÍN”**
**Sempé. Ed. Blackie Books**

Marcelín é un neno coma outro calquera, pero padece unha curiosa molestia: arróibase sen ningún motivo e non sabe o porqué.







**“MORTADELO Y FILEMÓN: RÍO 2016”**
**Francisco Ibáñez. Ed. B**

Mortadelo e Filemón estarán presentes nas Olimpíadas de Brasil xa que o Súper lles encarga unha delicada misión.




**“¿SERÁ CORRECTO?”**
**A guía de protocolo máis divertida e sinxela para maiores e pequenos.**
**Concha Blanco, María Canosa. Ed. Hércules**

Para achegarnos ao mundo dos bos modais dunha maneira divertida.

**EN FAMILIA**